

Volver a Rivas é, para Sarabela, voltar a un dos seus autores "fetiche".

É, dalgún xeito, voltar a casa.

Desde a chegada ao novo milenio, será esta a cuarta colaboración da Compañía co autor: O lapis do carpinteiro (2000), O heroe (2005) e Os libros arden mal (2007) - esta última foi unha lectura dramatizada-, foron as anteriores. Se con O Heroe se celebraron os 25 anos da Compañía, con A lingua das bolboretas celébrase o 40 aniversario de Sarabela. Conxugamos as historias de dous dos escritos de Manuel Rivas (A lingua das bolboretas e A Traxectoria do Balón) con ese equipo e co propósito de que a mensaxe chegue nidia ao tempo que se xoga coas imaxes e coa poética que nos leva a un espectáculo punteiro dentro da nosa historia escénica. O resultado emocionou ao autor o día da estrea.

"O meu pai contaba como un tormento, como se lle arrincaran as amígdalas coa man, a maneira en que o mestre lles arrincaba a gheada da fala para que non dixeran aghua nin gható nin ghracias."

"Eu quería moito a aquel mestre, confesa Moncho. Ao principio, os meus pais non podían crelo. Quero dicir que non podían entender como eu quería ao meu mestre. Cando era un picariño, a escola era unha ameaza terrible. Unha palabra que cimbraba no aire como unha vara de vimbio:

Xa verás cando vaías á escola!"

Deseño de escenografía: GONÇALO GUERREIRO

Deseño de iluminación: BALTASAR PATIÑO

Espazo Sonoro: GONÇALO GUERREIRO

Canciós: FERNANDO DACOSTA

Deseño de vestuario: TEGRA E LELE (MerchiPilonchi)

Utiilería: CARLOS DOMÍNGUEZ

Atrezzo: SABELA GAGO e FINA CALLEJA

Maquillaxe e caracterización: SARABELA TEATRO

Realización Escenográfica: Amenosde7metros

Deseño gráfico: EXPRESIVA

Fotografía: OVIDIO ALDEGUNDE

Gravación e DVD: ALBA V. CARPENTIER

Web: DISIGNIA EDENIA

Distribución: FINA CALLEJA/MARÍA CASAR

Produción artística e económica: CARLOS DOMÍNGUEZ DEL RÍO

Técnicos en escena: RUBÉN DOBAÑO, J.M. BAYÓN

SARABELA
TEATRO

UNHA HISTORIA DE
MANUEL RIVAS
**A LINGUA DAS
BOLBORETAS**

DRAMATURXIA E DIRECCION
GONÇALO GUERREIRO

FERNANDO DACOSTA ELENA SEIJO

SABELA GAGO FINA CALLEJA

JOSITO PORTO | CÉSAR GOLDI |

FRAN LAREU

DISTRIBUCIÓN:

FINA CALLEJA (M. 629 860 580)

MARÍA CASAR (M. 678 601 550)

www.sarabellateatro.com

galicia
o bo camiño

X 21

XUNTA
DE GALICIA

AGADIC

Agencia Gallega das
Industrias Culturais

Concello de
OURENSE

SARABELA
TEATRO



A través da entrañable relación que manteñen o mestre, don **Gregorio**, e o neno, **Pardal**; vaíse descubrindo a historia da fascinación infantil do protagonista ante o descoñecido e do sufrimento que provoca a represión das liberdades humanas.


O proceso de aprendizaxe que emprende o rapaz da man do mestre da escola (unha figura que simboliza a liberdade que xera o coñecemento) é testemuña tamén da traxedia que supón vivir con medo, do cru impacto que xera o estalido dunha guerra civil.



Na nosa adaptación xogamos coa intertextualidade, que é unha recorrencia en **Rivas**. Tamén son temas recorrentes a suspensión das consciencias, o pracer da aprendizaxe, o libro e a curiosidade por coñecer como xeradores de soños e de vida, a integridade persoal fronte ás circunstancias sociais que nos poñen a proba de diferente xeito pero constantemente, ao longo da historia.



Rivas é a primeira fase, as súas palabras, a súa poética, a súa ética. Desde aí xurdiron as imaxes, as posibilidades de estrutura, de propostas por parte do director, Gonçalo Guerreiro. Hai outra parte, a da concreción nos diálogos,, de concreción nos diálogos, de selección de textos, da que se encargou **Fernando Dacosta**.



Volvemos ao crebacabezas dramaturxico: textos que encaixan en imaxes, diálogos que acompañan ou dan sentido a movementos, xogos que parten de palabras, pezas que semellan separadas pero que van nunha mesma dirección, para ordenarse tralo xogo creativo fundamental en todo proceso escénico.